

Concello da Capela

Expediente núm.: 165/2019
Memoria xustificativa
Procedemento: Contratacións
Data de iniciación: 30/04/2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, no que figura a obra correspondente a este concello que é a seguinte:

Denominación da obra: Beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9+610-PK 9+850

Código da obra: 19.2000.0130.0

Financiamento: 100% Deputación Provincial

Orzamento: 86.904,06 € (IVE incluído)

2. Descrición da situación actual

a) Co presente proxecto preténdense realizar obras de mellora das beirarrúas do lugar das Neves, no tramo comprendido entres os puntos quilométricos 9+610 e 9+850, así como a renovación da iluminación pública no mencionado tramo.

Este tramo non foi obxecto de renovación ou mellora algunha, agás pequenas obras para facilitar a accesibilidade ás persoas con discapacidade, dende a súa construción e presenta un graves deficiencias.

b) De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a contratación e execución da obra encaixa dentro do tipo contractual do “contrato de obras”, e polo tanto, o marco normativo será o establecido para o “contrato de obras” na mencionada Lei de contratos do Sector Público.

3. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a execución da obra denominada “Beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9+610-PK 9+850”, de acordo co proxecto

Concello da Capela

técnico redactado para o efecto por Cerna Arquitectos, S. C. P.

4. Análise Técnica

O proxecto da obra foi aprobado por acordo do Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do día 22 de novembro de 2018.

a. Consideracións técnicas e requirimentos

No proxecto da obra figuran as condicións técnicas e requirimentos referentes a ela.

5. Análise Económica

a. Valor Estimado

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 71.821,54 euros.

b. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Este proxecto non ten repercusión algunha na estabilidade orzamentaria e na sustentabilidade financeira, xa que está financiado ao 100% con fondos da Deputación Provincial da Coruña.

6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

O procedemento de contratación que se empregará será o **aberto simplificado sumario**, tendo en conta o valor estimado do contrato; e a licitación farase de xeito electrónico, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

b. Cualificación do contrato

Á vista do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a cualificación do contrato é a seguinte:

-contrato de obras

c. Análise de execución por lotes

O proxecto desta obra foi redactado e aprobado de acordo coas bases reguladoras do POS+ 2019 e coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos



Concello da Capela

do Sector Público, e a non división en lotes ven xustificada polo establecido no artigo 99.3.b) da mencionada norma.

d. Duración

Ao abeiro do establecido no proxecto da obra, considerase que o prazo adecuado de execución do contrato debe ser de **tres meses**.

Non obstante, aos efectos de reducir os prazos de execución considérase oportuno establecer no prego de cláusulas administrativas particulares, como criterio de adxudicación, o da redución no prazo de execución das obras.

O alcalde

Manuel Meizoso López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE